

1. Bolsas e prácticas profesionais

1.5. Organismos e Organizacións internacionais

O programa de Mozos Profesionais en Prácticas (ou JPO, do inglés "*Junior Professional Officers*") ampárase en acordos específicos contraídos por España con diversos organismos multilaterais: co Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), co Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF), co Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) e co programa Mundial de Alimentos (PMA).

É un programa dirixido a mozos profesionais con titulación universitaria superior que estean interesados en iniciar unha carreira profesional dentro do sistema das Nacións Unidas.

NACIONS UNIDAS – AECID. PROGRAMA DE MOZOS PROFESIONAIS

Requisitos

- Non ter máis de 32 anos na data de peche da convocatoria.
- Ter un título de máster ou equivalente, preferentemente nas áreas de economía, ciencias sociais, xestión e, en xeral, nas disciplinas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento.
- Ter, como mínimo, un ano de experiencia profesional remunerada nun eido relevante, preferiblemente nun país en desenvolvemento.
- Valoraranse especialmente os títulos, diplomas ou coñecementos adicionais sobre materias relativas á cooperación, así como a experiencia de traballo nestes países.
- Dominio excelente de dúas das seguintes linguas: Inglés, Francés e Español. Valorarase tamén o coñecemento doutros idiomas útiles para o exercicio da actividade (ruso, portugués, árabe).
- Compromiso coa realización do traballo, tanto individual coma en equipo. Capacidade para a programación de actividades e claridade na expresión de ideas.
- Adaptación ao medio, tanto física como profesionalmente, e flexibilidade para traballar con persoas de diferentes países, linguas e culturas.
- Bos coñecementos de informática.

Lugar

Ofrécese a oportunidade de adquirir experiencia profesional no deseño, supervisión, execución e avaliación de proxectos de cooperación impulsados e xestionados polas oficinas rexionais ou locais do organismo internacional contratante.

Ocasionalmente, as prazas poden estar localizadas nas propias sedes centrais.

Prazos de solicitude

A convocatoria realízase xeralmente no primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Os candidatos son preseleccionados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Posteriormente, os servizos de recrutamento do PNUD ou doutro organismo internacional efectúan conxuntamente coa AECID a selección definitiva dos aspirantes, mediante entrevista persoal e en función das características das prazas que se desexa cubrir.

Máis información no seguinte [enlace](#).

Duración e contía

Contrato dun ano de duración prorrogable a outro.

O salario correspóndese co do persoal profesional ao servizo das Nacións Unidas, arredor dos 2.600/3.000€ mensuais, pero pode experimentar variacións segundo o custo de vida no país de destino.